

RECOMENDACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓN DE ESTUDANTES NA UDC

A publicación das cualificacións obtidas por estudantes constitúe un tratamento de datos persoais, e resulta polo tanto de aplicación o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Tendo en conta esta normativa xunto coa Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), a Norma de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario na UDC (aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013), e así mesmo as recomendacións da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) e da CRUE, efectúanse as seguintes indicacións en relación coa publicación das cualificacións dos estudantes en relación con calquera tipo de actividade que reciba unha avaliación.

Non será preciso o consentimento dos estudantes para a publicación dos resultados das actividades, traballos e probas relacionadas coa avaliación dos seus coñecementos e competencias nin dos actos que resulten necesarios para a adecuada realización e seguimento da dita avaliación (artigo 22 da Norma de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario na UDC). En concordancia co manifestado pola AEPD no seu informe 30/2019, pode afirmarse a existencia dun interese público na divulgación desta información (artigo 6.1.e) RXP) derivado da prestación do servizo público de educación superior por parte das Universidades (artigo 2 LOSU).

En calquera caso, non sendo necesario o consentimento do estudantado como base que lexítima a publicación das cualificacións, trátase de datos persoais que quedarían sometidos á lexislación en materia de protección de datos, e polo tanto efectúanse determinadas recomendacións en relación coa forma e lugar de publicación para lograr a menor intromisión posible no dereito á tutela dos datos persoais (Informe AEPD 30/2019).

Lugar de publicación

Segundo a normativa da UDC, as cualificacións provisionais finais e as cualificacións definitivas de cada materia deberán facerse públicas na Secretaría virtual do alumnado e a través do seu servizo “sms”. De forma opcional poderán facerse públicas tamén no taboleiro do centro e na plataforma Moodle

(artigos 22 e 25 da Norma de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario na UDC).

Recoméndase como medio preferente de publicación a Secretaría virtual e a plataforma Moodle, dado que o seu acceso é limitado ao profesorado e alumnado dunha determinada materia. A publicación en taboleiros físicos só se recomenda de forma excepcional, cando a anterior forma de publicación non resultase posible . Neste caso, procurarase que os taboleiros estean en zonas de gran afluencia de público nos centros, tratando de garantir o acceso indiscriminado á publicación, e retirando o documento despois de transcorrer o tempo necesario para a finalidade perseguida (Informe AEPD 30/2019).

Non está permitida a difusión das cualificacións por outras canles distintas ás indicadas, tanto polo profesorado como polo alumnado.

A publicación de cualificacións provisionais só debe manterse durante o tempo necesario para o exercicio de reclamacións; en canto ás cualificacións definitivas, só durante o tempo necesario para garantir o seu coñecemento por parte das persoas interesadas.

Forma de publicación

Atendendo ás recomendacións da AEPD, a forma de publicación preferente será mencionar unicamente o nome e os apelidos das/os estudantes e engadir o número do Documento de identificación só no caso de coincidir o nome e os apelidos de dúas ou máis persoas (Informe AEPD 30/2019). Neste último suposto, tendo en conta o previsto na Disposición adicional sétima da LOPD, só se publicarán catro cifras aleatorias do Documento de identificación. En atención á “Orientación para la aplicación provisional de la disposición adicional séptima de la LOPDGDD”, publicada pola AEPD, publicaranse as cifras do Documento de identificación que ocupan o cuarto, quinto, sexto e sétimo lugar (por exemplo, en relación cun formato de DNI 12345678X, publicaríase ***4567**).